

Bases OUFF Game Awards:

Regulamento da 1ª edición dos Ourense Film Festival Game Awards, incluídos na sección de videoxogos (OUFF Game Sessions). Do 29 de setembro ao 8 de outubro de 2023.

1) Obxectivo:

Os OUFF Game Awards son unha serie de premios outorgados anualmente polo festival a profesionais e empresas do sector dos videoxogos galego, co obxectivo de visibilizar a creación e consumo destes produtos, recoñecemento esta arte dixital como vehículo narrativo efectivo e ferramenta audiovisual de pleno dereito.

2) Cómo participar:

Poderán participar as persoas físicas ou xurídicas (estudios, publishers, etc) que posúan o debido control legal sobre as obras que presenten.

Os interesados a optar a estes premios poderán inscribirse **enviando un correo á dirección (ouffgames@gmail.com)**, no cal **deberán aportar a seguinte documentación:**

- Empresa (razón social)
- NIF ou CIF, dependendo de se é representante únic@ ou entidade.
- Enderezo completo (persoal ou sede física de estudo).
- Teléfono de contacto.
- Correo de contacto.

Ademáis, **deberán aportar a tarxeta técnica do videoxogo elixido**, na que conste:

- Título oficial do xogo.
- Data de lanzamento.
- Plataformas onde se atopa publicado.
- Cargo/s que ostentan os creadores do título.
- Entidades participantes (se outros estudos ou empresas atópanse involucrados na súa creación).
- Requisitos técnicos (de seren necesarios).
- Sinopse do xogo.
- Xénero, temática e estilo visual.
- Modo de xogo e número de xogadores.
- Dispositivos nos que está dispoñible (PC, consolas).
- Enlaces a análises, reseñas, datos de vendas, noticias relacionadas ou información relevante acerca do título.

Por último, os participantes **deberán achegar, xunto co correo ou por separado, de unha a tres copias completas, arquivos executables ou claves de libre uso do videoxogo** en cuestión para a súa avaliación.

Tamén poden ser enviadas físicamente á seguinte dirección:

OURENSE FILM FESTIVAL (OUFF2021)
Centro Cultural Marcos Valcárcel
Rúa Progreso, 30.
32003 Ourense (España)

3) Obrigas dos/as seleccionad@s:

Os participantes cuxos xogos sexan seleccionados para os premios deberán cumprir as seguintes disposicións:

-A total aceptación das presentes bases.

-Cesión dos dereitos para a exhibición pública dos videoxogos inscritos.

-Acreditar a posesión das obras que presentan. O cumprimento deste punto será responsabilidade total da persoa participante, non do festival, e poderá supoñer a exclusión da súa obra, de observarse incumprimento.

-Autorización para divulgar materiais das obras inscritas (carteis, fichas, *tráilers*, *gameplays*, textos de prensa, análises, etc). Os participantes autorizan a difusión de até tres minutos de imaxes das devanditas películas en calquera medio de comunicación.

-Aceptación de que, no caso de obteren algún dos premios outorgados, incluírán unha referencia escrita de forma obrigatoria e inescusable da concesión do devandito premio ao comezo de todas e cada unha das copias do xogo que distribúan para a súa exhibición en plataformas dixitais, salas comerciais e/ou en certames, así como en todo o material informativo e de promoción impreso.

-Deberán facilitar á organización todo o material que se lles solicite.

-Asumirán os custos de transporte do envío das copias ata Ourense, incluídos os impostos de alfándega correspondentes, que serán pagados pola persoa ou entidade que inscribise a película. Na etiqueta do envío deberá especificarse o texto seguinte: "Para usos culturais soamente / Sen valor comercial".

-Non poderán retirar o xogo da programación sen motivo xustificado.

-A copia deberá estar en poder do festival antes do 25 de setembro de 2023.

-Ceder gratuitamente, no caso que a organización o solicite, unha copia das obras gañadoras (unha vez finalizada a entrega dos premios) para que poidan ser proxectada de xeito limitado dentro das actividades que realiza o festival ao longo do ano, destinadas a levar estas producións a localidades que non dispoñan de medios para reproducilas. Utilizadas sempre para fines de carácter cultural e sen ánimo de lucro.

- Os representantes legais das obras comprométense a non facer pública a selección oficial, así como a selección dos premiados, ata que o faga o propio festival. O incumprimento desde punto poderá ser motivo de exclusión da competición. No caso de

sucedendo, a obra excluída relevárase pola primeira obra que figure na reserva da preselección interna do xurado.

-A persoa ou entidade que presenta a película seleccionada comprométese a que asistan ó festival representantes do equipo de calqueira das súas disciplinas.

-A data límite de entrega de propostas será o día luns 25 de setembro ás 23:00 horas.

-Os estudos ou participantes gañadores anunciaráanse o día 1 de outubro no Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense.

-A dirección do festival resérvase o dereito de admisión, de selección de obras non presentadas (contando co visto bo dos seus creadores), e de poder seleccionar títulos que por diferentes motivos cheguen fóra de prazo.

-O xurado escollido para os premios pode decidir seleccionar títulos non inscritos para a súa avaliación, sempre que cumpran cos requisitos, contacten cos seus creadores e estes acepten a participación nos mesmos.

4) Requisitos de participación:

Engadido aos criterios do xurado e ás obrigas de participantes, existen varias características que **deben cumprirse para poder presentar un título aos premios**. Estas son:

-O título debe contar, alomenos, cun **integrante galego** que participase activamente na súa creación e desenvolvemento.

-O título **debe ser xogable**, contando, polo menos, cunha pantalla de inicio, unha pantalla onde se amosen os controis, unha pantalla de gameplay e outra de *game over*. Pode contar con máis pantallas, e está permitido que existan erros ou *glitches*, pero o título debe amosar unha experiencia de usuario correcta para ser completamente valorado.

-**Debe estar publicado** nunha plataforma dixital ou autopublicado. Non se aceptarán xogos descatalogados ou sen distribución.

-A data de lanzamento do xogo presentado **non pode superar os cinco anos** contando desde a publicación destas bases.

-**Debe conter un mínimo de elementos narrativos** relevantes (diálogos, cinemáticas, animacións).

-**Valorarase positivamente o uso do galego** en interface, menús e diálogos, **pero non é obrigatorio** nesta primeira edición.

5) Xurado:

- Os premios serán outorgados por un xurado conformado por tres profesionais do mundo do videoxogo galego, audiovisual, medios de comunicación e cultura.
- O xurado non poderá declarar empates nin deserto ningún premio.
- De consideralo necesario, o xurado poderá conceder mencións honoríficas (sen dotación económica).
- O xurado non poderá outorgar dous premios distintos a unha mesma obra.
- Os criterios técnicos elixidos para a valoración das obras serán escollidos e posteriormente anunciados na Game Session do 1 de outubro polo xurado mediante un/ha portavoz@ designado/a.
- As decisións do xurado son inapelables.

6) Fases de selección:

- O xurado valorarán os títulos presentados trala recepción dos mesmos ata a data límite.
- A semana previa á Game Session, decidirán os finalistas de cada categoría.
- O día de celebración da Game Session (domingo 1 de outubro), despois do foro inaugural, anunciarán presencialmente aos gañadores dos premios, así como os criterios seguidos para a avaliación dos xogos presentados.
- Os gañadores recibirán os trofeos xunto a outros recoñecementos na gala de clausura, o día sábado 7 de outubro, onde o xurado outorgará os premios e proxectaráse material tanto das obras finalistas como das vencedoras.

7) Contías dos OUFF Game Awards:

O xurado designado outorgará os premios, divididos nas seguintes categorías:

- Premio a Mellor Videoxogo Galego: 800 euros e trofeo conmemorativo.
- Premio a videoxogo con Mellor Narrativa: 400 euros e trofeo conmemorativo.
- Premio a videoxogo con Mellor Arte: 400 euros e trofeo conmemorativo.
- Premio a Proposta máis Innovadora: 400 euros e trofeo conmemorativo.

8) Premiados:

Os galardoados deberán estar presentes na gala de clausura do festival para recoller o premio. De non poder asistir deberán xustificar a súa ausencia por causas de forza maior, do contrario a organización entenderá que o premiado renuncia tanto ó premio en metálico como ó trofeo correspondente.

As dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación destas bases, así como os conflitos que puideran producirse derivados da súa aplicación, en canto á organización ou funcionamento, serán competencia exclusiva da organización do festival.